

Agradecemos ao documento "Investigación e documentación sobre Cereixo e a Costa da Morte", que forma parte do proxecto "Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar", por aportar información necesaria para a creación desta Unidade Didáctica.

UNIDADE  
DIDÁCTICA.

Mirador Ría de Cereixo.  
Interpretación do Mar

3º PRIMARIA  
4º PRIMARIA



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Costa da Morte



XUNTA  
DE GALICIA



**3º - 4º**

**PRIMARIA**



**NATUREZA: FAUNA DE CEREIXO**

Aves que viven na zona.  
Nome en latín das especies.

**PORTO DE CEREIXO: OFICIOS DA COMARCA**

Pesca, agricultura e artesanía.

**CREATIVIDADE E MEDIOAMBIENTE**

Mirador Ría de Cereixo, ideas e propostas creativas.

Esta Unidade Didáctica forma parte do proxecto "**Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar**", impulsado polo Concello de Vimianzo e subvencionado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia a través do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

## FAUNA E NATUREZA. As aves na zona de Cereixo

Cereixo está situado na beira da ría do Porto, que conecta coa ría de Camariñas. Ao igual que outras zonas costeiras, aquí viven unha gran variedade de animais salvaxes.


Nesta primeira parte da unidade didáctica, imos aprender os nomes dalgunhas das aves que habitan na zona da ría do Porto: o **cormorán**, a **garza real**, o **lavanco**, a **gaivota patiamarela** e o **falcón pequeno**.

**SABÍAS QUE...** Cereixo destaca por ser o fogar dunha gran diversidade de aves que viven na ría e na zona do porto. Se das un paseo pola zona seguramente vexas un lavanco bañándose ou unha garza descansando na beira da ría.

### Actividade para a clase:

Escanea e fotocopia os debuxos das aves, despois escribe o seu nome e colorea. Cando estean rematadas, recorta e pega con fixo na parede. Engade unhas nubes para dar a sensación de que están voando polo ceo.


**Escribe o nome e colorea** este cormorán que vive na zona de Cereixo.



*Cormorán Grande* (PHALACROCORAX CARBO)


Escribe aquí que é o que máis che chama a atención do cormorán e porqué.

**Escreve** o nome **e coloreia** as aves que vivem na zona de Cereixo.



*Lavanco* (ANAS PLATYRHYNCHOS)

---



*Garza Real* (ARDEA CIRENEA)


---

**Escribe** o nome **e colorea** as aves que viven na zona de Cereixo.



*Gairota Patiamarela (LARUS MICHAHELLIS)*

---



*Falcón Pequeno (FALCO SUBBUTEO)*

---

## PORTO DE CEREIXO. Oficios da comarca.

Cereixo é unha parroquia que forma parte do **Concello de Vimianzo**, os seus habitantes e veciños, dedicaban o seu día a diversos oficios como os que imos coñecer agora.

No **Porto de Cereixo** os mariñeiros e pescadores saían cos seus barcos para pescar ou levar mercadorías. Debido a pouca profundidade da ría, non podían competir con outros portos veciños xa que os barcos grandes non chegaban ata alí. Aínda así, sábese que este porto xa funcionaba na Idade Media.

O **estaleiro** de Cereixo é o único que se conserva hoxe en día na Ría do Porto, aquí reparábanse e construíanse con moita maestría os barcos de madeira.

As **palilleiras** realizan o encaixe de bolillos. Nesta mostra de artesanía, entrelázanse os palillos e fíos entre si, conseguindo realizar fermosas pezas de tela coma manteis, panos ou pezas de roupa.

### Actividade para a clase:

Preguntade na vosa casa os vosos pais, tíos, avoas... a relación que teñen con algún oficio da ría de Porto. Escollede o que máis vos chame a atención e redactade sobre el. Despois preséntao nunha posta en común co resto da clase.

## Une as ferramentas cos seus nomes e despois escribe un oficio relacionado.

Martelo de carpintería ●

\_\_\_\_\_

Almofada de palillar ●

\_\_\_\_\_

Pico de cantería ●



\_\_\_\_\_

Sacho ●





\_\_\_\_\_

Rede de pesca ●

\_\_\_\_\_



Este é o **Mirador de Cereixo**, debuxa e colorea que che gustaría ver aquí.



**Escribe aquí as túas ideas e pensamentos**  
sobre o Mirador de Cereixo.

Como che gustaría que fose?

---

---

---

---

---

---

---

---

Que che gustaría ver dende alí ?

---

---

---

---

---

---

---

---

Prefires ver o amencer, o solpor, unha noite estrelada ou un día soleado dende o miradoiro? Por que?

---

---

---

---

---

---

---

---

Saberías dicir cal ou cales son os lugares que se poden ver dende o Mirador de Cereixo?

<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>